



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

DESENVOLVEMENTO SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DA LARACHA

PRIMEIRO.- APERTURA DA SESIÓN:

A secretaria da Corporación manifesta: SESIÓN PÚBLICA PLENARIA.

SEGUNDO.- MESA DE IDADE:

A secretaria da Corporación MANIFESTA:

En cumprimento do disposto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1.985, do 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral, e no artigo 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vai proceder á formación da MESA DE IDADE, que estará presidida polo Concelleiro electo de maior idade, e como Vogal o Concelleiro electo de menor idade, sendo o Secretario da mesma o da Corporación.

Neste caso a designación corresponde a:

DON JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO, como PRESIDENTE DA MESA DE IDADE,

DONA INÉS RAMOS LÓPEZ, como VOGAL DA MESA DE IDADE.

A secretaria da Corporación DI:

Prego a DON JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO que se achegue á Mesa Presidencial, ao obxecto de prestar xuramento ou promesa.

Don Jose R. Martínez Barbeito dá lectura a formula de xuramento ou promesa.

O Sr. Presidente da Mesa de Idade pasa a presidir a sesión.

O Sr. Presidente da mesa de idade di:

Prego a DONA INÉS RAMOS LÓPEZ que se achegue á Mesa Presidencial, ao obxecto de prestar xuramento ou promesa.

Dona Inés Ramos López dá lectura a formula de xuramento ou promesa.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A Sra. vogal da Mesa de Idade pasa a ocupar o seu sitio, á dereita da Presidencia da sesión.

TERCEIRO.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE:

A secretaria da Corporación DI:

Quedou constituída a MESA DE IDADE, composta por:

Presidente: DON JOSÉ R. MARTÍNEZ BARBEITO

Vogal: DONA INÉS RAMOS LÓPEZ

Secretaria: DONA MARTA VÁZQUEZ GAREA

CUARTO.- DISPOSICIÓN DE APLICACIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DO NOVO CONCELLO:

A secretaria da Corporación: vaise a dar lectura ás disposicións aplicables para a constitución da nova Corporación.

As disposicións aplicables á constitución das novas Corporacións son as seguintes:

- Artigo 195 da Lei orgánica numero 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, que dispón o seguinte:

"1.- As Corporacións Municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das Eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás Eleccións.

2.- A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

3.- A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello remítase a Xunta Electoral de Zona.

4.- Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que for o número de Concelleiros presentes."

QUINTO.- CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS ASISTENTES Á SESIÓN:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A secretaria da Corporación DI:

Os/As Señores/as Concelleiro/as Electos/as asistentes a esta sesión son os/as seguintes:

1. D. José M. López Varela
2. D. José Ramón Martínez Barbeito
3. Dna Patricia Mª Bello Canedo
4. Dna Mª del Rocío López Rey
5. D. Pablo Cambón Bértoa
6. D. José Alberto Blanco Veiga
7. Dna. Mª Almudena Martínez Pérez
8. Dna Verónica Pérez Verdía
9. D. Juan Carlos Amado Collazo
10. Dna Ana Belén Rodríguez Vilas
11. D. Manuel García Montes
12. Dna Cristina Vieites Calvo
13. Dna Carolina Castiñeiras Brandón
14. D. Xosé Mª Coteló Freire
15. D. David Antonio Bermúdez Lamas
16. Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro
17. Dna Inés Ramos López

SEXTO.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS

Polos membros da Mesa de Idade compóbanse as Credenciais enviadas pola Xunta Electoral de Zona.

O Presidente da mesa manifesta:

Convídase os/as concelleiros/as electos/as a que expoñan neste acto se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa proclamación, a teor do establecido polos artigos 6º, 7º, 177 e 178 da Lei orgánica 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

SÉTIMO.-PRESENTACIÓN DECLARACIÓNS INCOMPATIBILIDADE E BENS PATRIMONIAIS

A secretaria da Corporación di:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

En cumprimento do disposto no número 7 do artigo 75 da Lei 7/1.985, do 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local, todos os Señores/as Concelleiros/as electos/as presentaron declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais.

OITAVO.- TOMA DE POSESIÓN CONCELLEIROS ELECTOS:

O Sr. Presidente da mesa manifesta:

De conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de concelleiro, os candidatos deben xurar ou prometer acatamento á constitución.

A secretaria da Corporación di:

A continuación procederase a chamar aos Sres/as. Concelleiros/as electos/as para que presten xuramento ou promesa, e son os seguintes:

D. José M. López Varela
Dna Patricia M^a Bello Canedo
Dna M^a del Rocío López Rey
D. Pablo Cambón Bértoa
D. José Alberto Blanco Veiga
Dna. M^a Almudena Martínez Pérez
Dna Verónica Pérez Verdía
D. Juan Carlos Amado Collazo
Dna Ana Belén Rodríguez Vilas
D. Manuel García Montes
Dna Cristina Vieites Calvo
Dna Carolina Castiñeiras Brandón
D. Xosé M^a Cotelo Freire
D. David Antonio Bermúdez Lamas
1Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro

Os/as Señores/as Concelleiros/as prestan xuramento ou promesa.

NOVENO.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

O Sr. Presidente da mesa di:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Declárase constituída a Corporación municipal do Concello da Laracha.

DÉCIMO.- ELECCIÓN DO ALCALDE:

Pola secretaria da Corporación dáse lectura ao artigo 196 da Lei orgánica 5/1.985, do réxime electoral xeral, polo que se establece o procedemento para a elección do alcalde.

A secretaria da Corporación DI:

O artigo 196 da Lei Orgánica número 5/1.985, do 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral, establece o seguinte:

"Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

a).- Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabezan os seus correspondentes listas.

b).- Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.

c).- Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabeza a lista que obtivese maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.

Nos Municipios comprendidos entre 100 e 250 habitantes poden ser candidatos a Alcalde todos os Concelleiros; se algún dos candidatos obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo; se ningún obtivese dita maioría, será proclamado Alcalde o Concelleiro que houber obtido máis votos populares nas Eleccións de Concelleiras".

DÉCIMO-PRIMEIRO.- CANDIDATOS Ao CARGO DE ALCALDE:

A secretaria da Corporación DI:

Poden ser candidatos ao cargo de Alcalde os Concelleiros que encabezan os seus correspondentes listas, e neste Municipio son os seguintes:

CANDIDATOS	LISTA ELECTORAL	VOTOS OBTIDOS
José m. López Varela	(PP)	4115
Carolina Castiñeiras Bandón	BNG	1286
Alba Dolores Toba Ferreiro	PSdG PSOE	1024



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Secretaria: Convidase os Concelleiros presentes que encabezasen as correspondentes listas a que manifesten se manteñen ou retiran a súa candidatura á Alcaldía.

DÉCIMO-SEGUNDO.- VOTACIÓN PARA ELECCIÓN DO ALCALDE:

A secretaria da Corporación manifesta:

Vaise proceder á elección de Alcalde, mediante votación ordinaria, de conformidade co previsto no artigo 102 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, salvo que algún Concelleiro solicite que sexa por votación secreta.

¿Algún dos integrantes da corporación solicita a votación secreta?

Ao non solicitar ningún integrante da Corporación a votación secreta, polo Sr. Presidente da Mesa dáse inicio á votación para a elección do cargo de Alcalde, comezando polo candidato da lista menos votada e seguindo en orde ascendente, manifestando o seguinte:

- Votos a favor de ALBA DOLORES TOBA FERREIRO, CANDIDATA DO PSOE
- Votos a favor de CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN, CANDIDATA DO BNG
- Votos a favor de JOSÉ M. LÓPEZ VARELA , CANDIDATO DO PP

DÉCIMO-TERCEIRO.- RESULTADO DA VOTACIÓN:

O Sr. Presidente da mesa de idade di:

O resultado da votación é o seguinte:

CANDIDATOS/AS	VOTOS OBTIDOS
- ALBA DOLORES TOBA FERREIRO	2
- CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN	3
- JOSÉ M. LOPEZ VARELA	12



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

DÉCIMO-CUARTO.- PROCLAMACIÓN DE ALCALDE-PRESIDENTE:

O Sr. Presidente da mesa de idade manifesta:

Ao obter a maioría absoluta dos votos emitidos polos membros desta corporación municipal, de conformidade co disposto no articulo 196. b) da Lei orgánica numero 5/1.985, do réxime electoral xeneral, queda elixido e por tanto proclámase alcalde-presidente do Concello de Laracha

DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

DÉCIMO-QUINTO.- XURAMENTO Ou PROMESA DO ALCALDE ELECTO:

- Sr. Presidente da mesa de idade di:

De acordo co disposto nos artigos 18 do Real Decreto Legislativo 781/1.986, do 18 de abril, e 40.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, requírese a don JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA, proclamado alcalde electo deste concello, para que conorra a prestar xuramento ou promesa.

O señor alcalde pasa a prestar xuramento ou promesa, dando lectura á fórmula establecida, e a continuación impónselle a medalla e fáiselle entrega do bastón de mando pola presidencia da mesa.

A mesa de idade abandona a presidencia da sesión, pasando a ocupar a mesma o señor alcalde.

DÉCIMO-SEXTO.- INTERVENCIÓN DO SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE:

Toma a palabra o alcalde:

“Concelleiros e Concelleiras, Secretaria e Interventor da Corporación, Veciños e veciñas

Hoxe volvo asumir a Alcaldía, o maior privilexio e tamén a maior responsabilidade que pode ter unha persoa nacida na Laracha, criada aquí e que elixiu este municipio como o lugar no que vivir e formar unha familia.

Por iso as miñas primeiras palabras teñen que ser necesariamente de agradecemento á cidadanía por depositar na candidatura do Partido Popular a súa confianza. Obter o respaldo de máis de 63 % dos votantes supón unha enorme satisfacción e é a mostra de que a veciñanza



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

espera moito deste equipo de goberno e avala as políticas que vimos desenvolvendo nos últimos anos.

Recollo o bastón de mando para continuar a tarefa que me apaixona: servir ó Concello da Laracha. E reitero o meu compromiso de ser alcalde de todos, sen máis guías que o ben común e o interese xeral. O conseguido nos mandatos pasados, que é moito, débenos servir como estímulo para seguir nos próximos catro anos percorrendo a ambiciosa senda do progreso da Laracha.

Nese camiño desexo que todos sexamos partícipes. Primeiro, os veciños, a cidadanía, porque eles son a razón de ser do noso traballo.

Tamén ó funcionariado e todas as persoas que traballan neste Concello ó servizo do pobo. Sen o seu labor, esforzo e vocación ningún proxecto político sería viable.

E por suposto os concelleiros dos tres grupos políticos que teremos a honra de representar ós laracheses nesta Corporación municipal.

Ó mesmo tempo que agradezo o labor dos edís saíntes, dou a benvida ós sete novos que asumen o cargo por primeira vez. É a miña vontade tender pontes para que, dentro da lexítima discrepancia entre as diferentes ideas políticas aquí representadas, sumemos esforzos na procura dos obxectivos comúns: mellorar a calidade de vida, resolver os problemas e dar resposta ás inquedanzas dos nosos veciños.

Hoxe comeza unha nova etapa. Os laracheses faloron claro o 28 de maio validando a xestión do Partido Popular e outorgándonos outros catro anos para levar a cabo o programa co que nos presentamos ás eleccións, no que se baseará a acción de goberno e no que destacan estas liñas mestras:

- Xerar as mellores condicións para favorecer a actividade económica, industrial e turística. Captar empresas e beneficiar o emprendemento como elementos fundamentais para a xeración de emprego.
- Reforzar a protección social como corazón dunha sociedade cohesionada, xusta e solidaria que garanta a cobertura das necesidades dos máis vulnerables.
- Continuar desenvolvendo os ambiciosos plans especiais de equipamentos educativos para mellorar os colexios, o instituto e os seus entornos. Dispoñer de máis espazos e infraestruturas beneficiará o proceso de ensino dos nenos e permitiranos avanzar para ofrecer novas oportunidades formativas para mozos e adultos.
- Respetar o medio ambiente con políticas que minimicen o impacto das actividades humanas, protexan o entorno e favorezan un futuro sustentable para as novas xeracións.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Mellorar a rede viaria, os servizos e os equipamentos municipais para que todos os laracheses, residan no rural ou nos núcleos urbanos, teñan as mesmas oportunidades.
- Actuar pola igualdade entre homes e mulleres e contra a violencia de xénero.
- Organizar programas e crear novos equipamentos para que formar parte da vida social, cultural e deportiva siga estando ó alcance de todos os cidadáns.
- Poñer en valor os elementos máis destacados do patrimonio municipal.

E gobernaremos como o fixemos ata o de agora: con responsabilidade, honestidade, ilusión, proximidade cos veciños e tendo moi claro o modelo de municipio que queremos para A Laracha.

Remato cunha reflexión. Hoxe constitúense en toda España máis de 8.000 Corporacións municipais. Hoxe é o noso día, o momento de alzar a voz e reivindicar o municipalismo e o Concello como a administración máis próxima á cidadanía, a máis directa e a primeira á que os veciños acoden cando teñen un problema, unha proposta, unha inqueda, unha queixa ou tamén unha felicitación que trasladarnos.

Nun mundo cada vez máis globalizado, no que moitas veces se perde o contacto directo coas necesidades e aspiracións de cada individuo, as entidades locais álzase como un faro de esperanza, porque recoñecen que as solucións ós desafíos que afrontamos como sociedade deben emanar do cercano, das persoas que os experimentan cada día.

Ese é o modo no que os Concellos favorecen a participación cidadá activa na toma de decisións e, por tanto, fortalecen a democracia desde a base.

Como alcalde, volvo asumir con máxima ilusión e orgullo todos estes retos. E fágoo cunha única promesa: seguir dando o mellor de min para continuar construíndo entre todos o mellor futuro para A Laracha.

Moitas grazas.”

DÉCIMO-SÉTIMO.- Posta ao dispor dos concelleiros presentes do Inventario Municipal e da Acta de Arqueo

Ord.	Descripción	Nº Cuenta	Saldo
1	CAJA CORPORACION		383,53 €
101	ABANCA CONTA RESTRINXIDA	CAGLESMMXXX-ES-94-20800079903110000042	1.788,83 €
201	ABANCA	CAGLESMMXXX-ES-20-20800079923110000015	952.382,96 €
202	ABANCA CONTA REMUNERADA	CAGLESMMXXX-ES-61-20800029213810000000	1.500.000,00 €
204	LA CAIXA	CAIXESBBXXX- ES-08-21004912212200004416	101.952,20 €



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

206	BANCO SANTANDER	PSTRESMMXXX-ES-10-02388126160660000173	778.562,22 €
901	Formalización		0,00 €
TOTAL			3.335.069,74 €

O SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE LEVANTA A SESIÓN ÁS 12:25